



## **Cinco novos deputados toman posesión no Parlamento de Galicia**

**Santiago, 14 de xuño de 2011.-** Cinco novos deputados do Grupo Popular tomaron posesión esta mañá, ao inicio do Pleno do Parlamento de Galicia. Trátase de Antonio Ángel Fraga Sánchez (en substitución de D. Carlos Negreira Souto); M.<sup>ª</sup> de la Encarnación González Montemuiño (en substitución de Manuel Santos Ruíz Rivas); M.<sup>ª</sup> Lourdes Yañez García (en substitución de José Antonio García López); M.<sup>ª</sup> Lorena López Rodríguez (en substitución de José Carlos López Campos); e Jacobo Moreira Ferro (en substitución de José Ferenza Costas).

### **PERFIL DOS NOVOS DEPUTADOS**

#### **M.<sup>ª</sup> LOURDES GARCÍA YÁÑEZ. Lugo, 1966.**

Licenciada en Psicoloxía Escolar e Infantil. Diplomada en Formación do Profesorado da EXB, especialidade Preescolar. Mestra en educación Infantil e Primaria en diversos centros da comunidade galega. Vicesecretaria de Organización do Comité Executivo provincial do PP de Lugo. Secretaria Xeral do Comité Executivo Local do PP de Lugo.  
Deputada da circunscrición electoral de Lugo

#### **LORENA LÓPEZ RODRÍGUEZ. Vigo, 1977**

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Posgrao en Xestión Inmobiliaria pola facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC. Técnica Superior de Urbanismo da EGAP. Máster en Dereito Urbanístico e Medio Ambiente. Funcionaria de carreira. Xurídica da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo. Membro do Comité Executivo provincial de Pontevedra e do Comité Executivo Rexional dende o 2009. Concelleira no Concello de Redondela dende 2007 ata 2011.

Deputada da circunscrición electoral de Pontevedra



**ENCARNACIÓN GONZÁLEZ MONTEMUÍÑO, Pobra do Caramiñal. 1964.**

Casada, 2 fillas. Realizou estudos de Graduado Social na Universidade de Santiago de Compostela. Concelleira na Pobra do Caramiñal dende o 2003 na delegación de Educación e Muller. Posteriormente na área de Cultura e Turismo, sendo membro da Xunta de Goberno Local. Deputada da circunscrición electoral da Coruña

**ANTONIO ÁNGEL FRAGA SÁNCHEZ, Teixeiro-Curtis. 1967.**

Casado. Estudos de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Máster en Xestión Ambiental e Desenvolvemento Sostible pola Universidade de Valencia. Foi membro da Comisión de Medio Ambiente do PPdeG. Alcalde do Concello de Curtis dende 1999 ata 2001. Primeiro Tenente de Alcalde ata o 2011, con competencias en servizos municipais, urbanismo e obras, xestión medioambiental e desenvolvemento sostible, así como promoción económica e industrial. Deputado da circunscrición electoral da Coruña

**JACOBO MOREIRA FERRO, Santiago de Compostela, 1973**

Casado e pai de dúas fillas. Licenciado en dereito. Avogado de profesión. Concelleiro no Concello de Pontevedra dende maio do 2007 . Na pasada lexislatura ocupou o cargo de Viceportavoz do Grupo Municipal do PP . Secretario xeral da Xunta local do PP de Pontevedra. Membro do Comité Executivo e de Dirección Provincial do PP de Pontevedra. Deputado da circunscrición electoral de Pontevedra

Saúdos, Gabinete de Comunicación